



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

ANUNCIO

Aspirantes admitidos/as e excluídos/as para tomar parte no proceso de selección para a contratación laboral temporal dun Peón e un Albanel ao abeiro do Plan de Integración Laboral da Deputación Provincial de A Coruña (PEL CONCELLOS 2025)

Por Resolución desta Alcaldía nº 134/2025 de data 23 de abril de 2025 aprobouse a Listaxe de aspirantes admitidos para tomar parte no proceso de selección *para a contratación laboral temporal dun Peón e un Albanel ao abeiro do Plan de Integración Laboral da Deputación Provincial de A Coruña (PEL CONCELLOS 2025)*

Dando cumprimento á citada Resolución procédese á publicación íntegra da mesma para xeral coñecemento.

Monfero, 24 de abril de 2025. O ALCALDE en funcións: Alberto Cortizas Rejo

RESOLUCIÓN

ASUNTO: ADMISIÓN PROVISIONAL CANDIDATOS PEL 2025

EXPEDIENTE: 2025/G003/000136

ANTECEDENTES:

Logo de ver a convocatoria e as bases reguladoras para a contratación laboral temporal dun Peón e un Albanel ao abeiro do Plan de Integración Laboral da Deputación Provincial de A Coruña (PEL CONCELLOS 2025 aprobadas pola Xunta de Goberno Local deste Concello en data 26/03/2025 e publicadas no BOP nº 63, do 2 de abril de 2025.

Vistas as solicitudes recibidas no prazo concedido para a súa presentación para tomar parte no citado proceso de selección respecto dos postos de peón e albanel, e a documentación achegada a elas e os informes que constan no expediente.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Admitir a única solicitude presentada, en forma e prazo, para o posto de Peón correspondente ao candidato JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA

SEGUNDO.- Admitir a única solicitude presentada, en forma e prazo, para o posto de Albanel correspondente ao candidato JOSÉ MANUEL CORTIZAS DIAZ

TERCEIRO.- Facer pública a presente resolución, mediante a súa inserción no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello de Monfero, aloxado na sede electrónica (<https://sede.monfero.es>) da súa páxina web (concellodemonfero.com), e conceder un prazo de dous días hábiles, contados desde o seguinte ao da última publicación, para presentación de reclamacións, alegacións ou emendas de deficiencias ou erros, se fora o caso.

Monfero, 24 de abril de 2025
O Alcalde en funcións,
Alberto Cortizas Rejo

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)